

INNOVACIÓNS NA FORMACIÓN INICIAL E CONTINUA DOS MESTRES E MESTRAS EN GALICIA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX. A ATENCIÓN Á EDUCACIÓN ESPECIAL

Anxo Serafín Porto Ucha
Dpto. de Didáctica e Organización Escolar
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O presente artigo sitúase no contexto das miñas investigacións sobre as Escolas Normais en Galicia e da análise dos contactos con Europa, a partir das relacións establecidas a través da política de pensións.

Diante da escasa presenza da educación especial na formación inicial do maxisterio, os mestres, inspectores e profesores de Escola Normal tiveron oportunidade de entrar en contacto cos avances da Escola Nova europea, cuxos froitos terían maior eco no Plano Profesional da Segunda República.

A nivel de exploración documental, como fonte primaria consultáronse os fondos do Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (AHUS), a documentación relativa a Escolas Normais en Galicia e as *Memorias* e documentación do Arquivo da Secretaría da Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas (a JAE) entre 1907 e 1936, na Residencia de Estudiantes (Madrid).

Palabras-Chave: Escolas Normais, Escola Nova, Formación Inicial e Formación Continua, Pensionados pola JAE, Educación Especial.

ABSTRACT

This article is framed within the context of my research work on the Teacher Training Schools in Galicia and the analysis of contacts with Europe from the relationships established through the pension policy.

Given the limited presence of special education in initial teaching programmes, teachers, inspectors and the teaching staff of Teacher Training Schools had the opportunity to get in touch with the advances of European New School, whose fruits would have greater resonance in the so-called Professional Plan of the Second Republic.

At the level of documentary exploration, as a primary source, funds from the Historical Archives of the University of Santiago de Compostela (AHUS), documents relating to Teacher Training Schools in Galicia, and the *Memories* and file documentation of the Secretariat of the Board for Extension of Studies and Scientific Research (JAE) between 1907 and 1936 at the Residence of Students (Madrid), were consulted.

Keywords: Teacher Training Schools, New School, Initial Teaching and In-Service Education, JAE Pensioners, Special Education.

INTRODUCCIÓN

Dentro dunha das miñas liñas de investigación iniciada hai xa bastantes anos sobre “Historia da Escola en Galicia”, véñome ocupando das Escolas Normais. Anteriormente á Universidade, na que impartín durante algún tempo o Seminario de Doutoramento “Sistemas de Apoio á Escola”,

traballei nos Servicios de Orientación Escolar e Vocacional (SOEVs) e nos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio (ESPAs) na Comunidade Autónoma de Galicia (1983-1988). Todo iso aportoume unha considerábel experiencia e coñecemento sobre a Educación Especial.

Outra liña de investigación está centrada nas relacións da ILE con Galicia, onde emerxen as accións da Xunta para Ampliación de Estudos e as relacións con Europa. Actualmente estou integrado como investigador principal no Grupo GI 1444, que dirixe Miguel Zabalza.

No contexto da celebración do XV *Coloquio de Historia de la Educación* (Universidade Pública de Navarra/SEDHE) sobre “La Educación Especial y Social del siglo XIX a nuestros días. El largo camino hacia una educación inclusiva” (2009), presentei unha comunicación, focalizada na presenza da Educación Especial na formación dos mestres e mestras. O presente artigo, traducido, revisado e ampliado, responde ao contido da referida comunicación, xunto coas ideas que tiña pensado expor nos Cursos de verán 2010 da USC en Foz, nunha invitación sobre “A renovación da escola en Galicia na Idade de Prata”, ao que, finalmente, non puideron acudir.

1. A CREACIÓN DAS PRIMEIRAS ESCOLAS NORMAIS EN GALICIA E A ATENCIÓN A EDUCACIÓN ESPECIAL NOS PLANOS DE ESTUDO

En 1839 nacía en Madrid a primeira Escola Normal Central de Mestres. Logo, na década de 1840, houbo unha gran profusión de Escolas Normais de mestres pola xeografía española. En Galicia, o proceso de creación foi moi semellante ao do resto do Estado (Porto Ucha e Iglesias Salgado, 2008, pp. 66-71). Unha Orde de 19 de decembro de 1841 anunciaba na *Gaceta* a apertura da Normal de Ourense. En 1842 aparecía a de Lugo. Máis tarde, en 1845, as de A Coruña e Pontevedra. Con motivo da reorganización das Escolas Normais de 1849, A Coruña e Pontevedra quedaban sen escola, ao tempo que se establecían Escolas Normais Superiores nas capitais de distritos universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior de Santiago de Compostela. Logo, coa chegada da Lei Moyano, volvía a abrirse a de Pontevedra. A Coruña permanecería sen escola normal de mestres durante moito tempo, ata 1956.

A aparición das normais de mestras foi máis lenta. En 1858, con case vinte anos de diferenza, inaugurábase en Madrid a Escola Normal Central de Mestras. En Galicia teríamos que esperar ata o ano 1860, en que se creaban as de Pontevedra e A Coruña, se ben esta última no entraría en funcionamento ata o ano 1865. A de Ourense foi creada en 1877, e xa máis tarde, a de Lugo (R.D. de 25 de febreiro de 1916, *Gaceta* do 27/2). En Santiago de Compostela, inda que desde comezos da segunda década do século XX se autorizou, con carácter provisional, a admisión de alumnas oficiais e libres, en réxime de coeducación, a creación efectiva no se produciría ata decembro de 1930 (Marco López e Porto Ucha, 2000, p. 111). Durante a Segunda República, a xeneralización da coeducación nas Escolas Normais fixo que se reducise o número en Galicia, agora denominadas Escolas Normais do Maxisterio Primario: unha por provincia e outra na capital do distrito universitario. En total, cinco.

Coa Lei Moyano, as Escolas Normais separábanse definitivamente do nivel de instrución primaria, para pasar á categoría de ensinanza profesional. A Lei referíase aos cegos e xordos como “pobres desgraciados” que necesitaban centros especiais. Logo, a R.O. de 13/3/1860, seguindo o art. 108 da Lei Moyano, dirixíase aos Reitores para promover a creación dunha Escola especial de

xordomudos e cegos, ao mesmo tempo que nas Escolas Normais se ampliase a ensinanza da Pedagogía especial para estes centros. Nacían, así, as Escolas para Cegos e Xordos nas capitais dos distritos universitarios, unha delas en Santiago de Compostela. Dentro da mentalidade de exclusión da época, o resto do alumnado, ou ben era atendido “en la medida de lo posible” nas escolas de primeira ensinanza, ou era destinado a institucións fóra do sistema. E coa creación do cuarto ano, o curso normal, xa comezou a impartirse a partir da Lei Moyano a materia de “Pedagogía aplicada a la enseñanza de sordomudos y ciegos” na Escola Normal Central, sendo un dos numerosos intentos que, para fomentar a educación especial destes minusválidos, se realizaron dentro do século XIX. Constatamos, igualmente, algunha presenza nas normais superiores de provincia. Entre os planos de estudo non aprobados, figura “Pedagogía sobre primera enseñanza, con aplicación a los párvulos, sordomudos y ciegos” (1871, para mestre superior).

Alguns pasos máis se deron a finais do século XIX e comezos do XX. Na Lei de 16/7/1887 y R.O. de 6/7/1888 figuraban as conferencias pedagóxicas a impartir nas escolas normais, entre cuxos temas mencionábanse os “Medios que deben adoptarse en las escuelas públicas para corregir las faltas de carácter y los defectos de inteligencia”. Posteriormente, outra R.O. de 8/6/1912 regulaba os cursiños de formación en exercicio que viñan funcionando nas escolas normais desde 1887. Outro R.D. de 1913 sobre inspección de primeira ensinanza, indicaba que o inspector podería organizar “Conversaciones pedagógicas”. No desenvolvemento da formación sobre educación especial habería que facer referencia, así mesmo, á Cátedra de Psiquiatría Infantil (na Escola Normal Superior de Barcelona en 1906 e en Madrid coa creación da Escola Superior do Maxisterio).

Se ben non imos abordar neste traballo a aparición doutros centros e institucións¹, si convén telos en conta, ao estar relacionados co tema e co enfoque e preocupacións da época. Así, por R.D. de 24/1/1908 creábase a Xunta Provincial de Protección da Infancia, entre cuxas funcións aparecía “El cuidado de la educación e instrucción de los anormales” (8ª). Xa, por R.D. de 22/1/1910, creábase o Patronato Nacional de Xordos, Cegos y Anormais, que por R.D. de 24/4/1914 pasaba a denominarse Patronato Nacional de Anormais, se ben por pouco tempo, xa que por outro R.D. de 10/3/1916 volvía á denominación orixinaria. Por outra R.O. de 14/9/1922 aparecía igualmente a Escola de Anormais anexa aos Colexios de Xordomudos e Cegos, denominada Escola Primaria Especial no art. 1º da citada disposición. Pero nos Programas de estudo das Escolas Normais, en xeral, non se contemplaba de maneira específica, como materia específica, esta temática.

2. A RENOVACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDO DAS ESCOLAS NORMAIS COA CHEGADA DO SÉCULO XX

2.1. O cambios na formación inicial (planos de 1898, 1900, 1901, 1903)

• A reforma de Gamazo de 1898

Ao longo da Restauración decimonónica os distintos Planos de estudo das Escolas Normais non experimentaron grandes cambios (Porto Ucha, 1994, pp. 27 e ss.). O abandono e o

¹ María Dolores Coteló Guerra, da Universidade da Coruña, contempla estes centros, na súa Tese de Doutoramento en curso.

esquecemento foron constantes neste período, a pesar das denuncias impulsadas, basicamente, polas asociacións e prensa profesional, polo grupo liderado por Pedro de Alcántara e pola Institución Libre de Ensinanza (A ILE), onde sobresaíu o labor de Manuel B. Cossío. O 23 de setembro de 1898 aparecía un novo Decreto, reorganizando as Escolas Normais. Con el, dábase un novo xiro á ensinanza. Esta reforma do ministro liberal Germán Gamazo, inspirada nas correntes pedagóxicas da ILE, abordaba a formación pedagóxica dos mestres e mestras cunha nova orientación. A partir de 1898, a Pedagogía tomaba peso na formación profesional dos docentes, converténdose nunha materia básica. Xunto a ela, a lexislación escolar, a antropoloxía, a psicoloxía e a teoría da educación así como a didáctica pedagóxica, aparecen no currículo (Melcón Beltrán, 1992, p. 194).

De todos modos, o Plano non supoñía grandes avances respecto á duración dos estudos; é máis, significaba unha certa redución no título elemental, xa que se convertía en dous cursos de catro meses e medio cada uno, a comezar o 16 de setembro e o mesmo día de febreiro, para rematar o 31 de xaneiro e o 30 de xuño, respectivamente. O que si se aumentaba un curso era no grao superior, pasando a dous cursos completos. A idade mínima para acceder á Normal establecíase en 15 anos, despois de aprobar un exame de ensinanza superior. O Plano coincidía no tempo coa graduación da ensinanza nas escolas anexas. Dous anos máis tarde, por Real Decreto de 6 de xuño de 1900, o grao elemental recuperaba os dous cursos completos. Dado o limitado da súa vixencia, non nos estendemos no particular, se ben tivo como positivo o feito de determinar que todos os mestres (elementais e superiores) tiveran igual formación pedagóxica.

• Os cambios en 1901

A chegada do novo século coincidiu cunha serie de cambios e reformas, que afectaron de maneira importante ao campo educativo. No que afecta ás Escolas Normais, como xa comentamos con anterioridade, o 6 de xuño de 1900 aparecía xa unha modificación, co fin de corrixir algúns puntos da anterior reforma de Gamazo de 1898. Posteriormente, un Decreto do 12 de abril de 1901 regulaba outros aspectos das Escolas Normais; sen embargo, foi o Decreto do 17 de agosto de 1901 o que incorporou as Normais aos Institutos. Segundo o art. 17, as Escolas Normais Elementais e Superiores de Mestras formaban parte dos Institutos, conservando a súa unidade orgánica. Para poder estudar a carreira de mestre ou mestra elemental era necesario ter 16 anos cumpridos e superar un exame de ingreso. A súa duración era de tres anos. Os estudos de Mestras elementais verificábanse segundo o plano de estudos elementais de Mestres maila ensinanza de labores. Unha vez aprobadas todas as materias, deberíanse realizar os exercicios de reválida.

Para estudar a carreira de Mestre superior, unha vez obtido o título elemental, cursaríanse as materias en dous anos e a reválida. O título de Mestre/a superior obtíñase unha vez superada tamén a correspondente reválida. Polo art. 18 quedaba suprimida a clase de mestres normais (impartida na Normal Central). Ao suprimirse dito título, o título de Mestre/a Superior posibilitaba, segundo o art. 24 (coa conseguinte rebaixa na correspondente categoría) para presentarse a oposicións a Escolas Normais e Inspección de primeira ensinanza. É este un dato que non debe pasar desapercibido.

• O Plano de 1903

Por R.D. de 24 de setembro de 1903 as normais volvían a manter unha certa independencia respecto aos Institutos, se ben algúns Institutos foron autorizados a continuar no seu labor de formar

mestres elementais (De Guzmán, 1986, pp. 126-129). Estamos nos comezos de reinado de Afonso XIII. Quizais o fortalecemento das Escolas Normais en Europa e os cambios orixinados ao final da rexencia de María Cristina provocaron esta reforma. Polo demais, esta reestruturación levada a cabo polo ministro galego de Ponteareas Gabino Bugallal supuxo un certo retroceso na preparación pedagóxica dos mestres e mestras superiores.

A idade mínima para presentarse ao exame era de catorce anos. A duración dos estudos volvía ser de dous anos para o grao elemental e outros dous para o superior. De acordo co art. 8, os estudos do primeiro ano do grao elemental habilitaban para ensinar nas escolas elementais incompletas despois dos dezoito anos, outro dato importante. Este Real Decreto encontrou a súa aplicación cunha Real Orde do 28 de setembro de mesmo ano, á que lle sucederon outras do 9 e do 23 de outubro.

2.2. A reorganización de 1914

No período de 1903 a 1914 houbo algúns cambios, como os contidos na Real Orde do 2 de setembro de 1908 e a Orde da Dirección Xeral do 21 de maio de 1912; mais non afectaron grandemente ao desenvolvemento das Escolas Normais. Si, interesa destacar que, coa desaparición do grao normal, en virtude da reforma de 1901, era necesario encher o oco producido na formación do profesorado. Xorde, así, a Escola Superior do Maxisterio (1909), na que se acusan influencias da ILE, que tamén inspirou outras realizacións de formación do profesorado, tales como a Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas (1907) e o Instituto-Escola (1918), entre outras.

Estas iniciativas impulsaron a reorganización das normais en 1914, acometida por Francisco Bergamín. Unificouse o título, desaparecendo a diferenciación “elemental-superior”. A reforma ía en consonancia cos propios cambios producidos na ensinanza primaria, na que, desde 1910, se suprimira a clasificación de escolas contemplada pola Lei Moyano: escolas superiores, elementais completas e incompletas e escolas de temporada. Estamos, pois, diante doutro feito importante.

Un R.D. de 30 de agosto de 1914 establecía a nova reforma. A partir de entón, habería unha titulación única para todos os mestres e mestras, de calquera aldea ou cidade. Era esta unha antiga aspiración do Maxisterio. Saían, así, favorecidas moitas escolas perdidas en aldeas arredadas e da categoría inferior. Galicia, debido á súa propia configuración física, era un exemplo desta discriminación. Para matricularse era requisito indispensable ter quince anos cumpridos e ter aprobado o exame de ingreso.

O Decreto afirmaba que as Escolas normais femininas, ademais de formar mestras, permitían proporcionar ás mulleres unha cultura superior á que se daba na primeira ensinanza. Sinala N. de Gabriel (1993, p. 197) que esa dobre función determinou que os estudos de maxisterio se feminizasen progresivamente, porén a feminización foi anterior á da profesión, o que demostra que un número importante de mulleres acudían ás Normais co único propósito de acadar un certo nivel cultural. Unha cata efectuada nun traballo sobre os aprobados nos exames de Ingreso polo Plan de 1914 (1914-1931) na Escola Normal de Pontevedra, confirma esa maior presenza da muller (Táboa 1).

Táboa 1

CURSO	Aprobados (alumnos)	Aprobadas (alumnas)	TOTAL
1914/15	15 (20.54%)	58 (79.45%)	73 (100%)
1919/20	28 (20.43%)	109 (79.56%)	137 (100%)
1924/25	69 (28.39%)	174 (71.60%)	243 (100%)
1929/30	53 (39.25%)	82 (60.74%)	135 (100%)

Fonte: Elaboración propia, a partir de Porto Ucha, 1994, pp. 130-131.

O “Plan Bergamín” destacaba polo seu carácter enciclopédico, fronte a unha preparación pedagóxica case inexistente. Varela e Ortega (1984, p. 27) desaltan o feito de que, contraditoriamente, ao mesmo tempo, esixíase á institución normalista que fora un verdadeiro viveiro de mestres e pedagogos. E tomando cunha certa perversidade a coñecida máxima gineriana de “para tratar con nenos é mester facerse neno”, algún reformador propoñía que o mestre fose á vez mestre e discípulo; xustificábase, así, unha certa infantilización dos futuros mestres e unha ampla tutela exercida sobre el polas forzas vivas, tales como inspectores, alcaldes, sacerdotes ou xefes políticos (De Gabriel, 1993, p. 149). A insuficiente preparación pedagóxica e o carácter marxinal dos estudos, acorde co propio carácter que tiña a escola primaria, situáan aos mestres e mestras no ámbito das clases populares, con exclusión de acceso ao outro sistema de ensinanza.

Mediante unha detida análise dos distintos programas xerais de estudos das escolas normais durante todo este período, por exemplo, a que nos ofrece Melcón Beltrán (1992, pp. 256-390), agás algunhas cuestións na Escola Normal Central, constatamos que a educación especial segue a ser a gran ausente no currículo.

3. OS CAMBIOS NA FORMACIÓN DE FORMADORES: A ESCOLA SUPERIOR DO MAXISTERIO. PRESENZA DE ALUMNADO GALEGO NA INSTITUCIÓN

Despois da desaparición da Escola Normal Central, en 1909 deuse un paso importante coa creación da Escola Superior do Maxisterio (denominada Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, a partir de 1911), que en 1932 sería substituída pola Sección de Pedagogía na Facultade de Filosofía e Letras. Recollendo as principais innovacións introducidas en materia de formación do profesorado, a Escola creábase fundamentalmente para os mestres e mestras que desexaban ampliar coñecementos e elevar a súa categoría ao rango de profesores e inspectores, en réxime de coeducación. Constaba de tres seccións: Ciencias, Letras e Labores. Referido á educación especial, no seu primeiro programa de estudos figuraba “Psiquiatría aplicada a la educación de la infancia” (1º curso) y “Pedagogía de anormales” (2º curso). O derradeiro programa integraba “Pedagogía de anormales”

(1º curso), “Paidología” y “Pedagogía de anormales” (2º curso), y “Seminarios de especialización” (3º). Dos estudantes galegos que pasaron polas súas aulas (Molero Pintado e Pozo Andrés, 1989), cabe mencionar a José Otero Espasandín (mestre e profesor da Escola Internacional Plurilingüe, que participou moi activamente nas Misións Pedagóxicas), Regina Lago García, Sara Leirós Fernández, Mª Luisa Lorenzo Salgado, Julia Martínez Álamo, Vicente Martínez Risco, Ernestina Otero Sestelo, María Padrón e Josefa Rosón Rubio (profesores de escola normal) e Manuel Díaz Rozas, Cristina Pol García, Manuel Maceda López ou María Cruz Pérez González (inspectores). Elas e eles entrarían en contacto coas principais innovacións a nivel europeo.

En “La Escuela de Estudios Superiores del Magisterio: Su contribución al estudio de la Educación Especial en España”, texto coordinado por S. Molina García, os citados autores ofrécennos datos importantes: A superación dos estudos neste Centro permitía o acceso directo ás Escolas Normais e á Inspección, se ben a partir de 1922 comezaron os problemas para colocar a todos os egresados. Xunto coas materias contempladas nos planos de estudo, existía na Escola a Cátedra e Laboratorio de Pedagogía de Anormais, con tarefas de investigación e Seminarios pedagóxicos, como orientación para as Memorias de Fin de Carreira. Como principais liñas de investigación, figuraba a Psicopedagogía Experimental, con revisión e adaptación de tests coñecidos. Moitos inspectores e directores, antigos alumnos da Escola, xeneralizaron nas súas escolas e zonas de supervisión a utilización de probas psicométricas como medio de detección e diagnóstico dos chamados deficientes mentais, a organización de clases especiais para estes alumnos en escolas graduadas e adopción de pautas pedagóxicas para mestres. Deuse tamén un importante labor divulgador e publicístico.

Dos alumnos e alumnas que pasaron polas aulas da Escola de Estudios Superiores do Maxisterio, constatamos a presenza de varios, xa como profesores e profesoras, na normal santiaguesa no período republicano: Matilde Jovita Díaz Saiz, Luisa Lorenzo Salgado, Mª Paz Cantón-Salazar, as irmás Martínez Álamo (Pilar, Mercedes e Julia), Teresa Allú... Á parte, e relacionado coa temática, as viaxes a Europa. Entre a galería de galegas y galegos becados pola JAE que exerceron na normal de Santiago, encontramos a Julia Martínez Álamo, Sara Leirós e Marcelino Pedreira. Grupos de profesionais, co inspector Eusebio J. Lillo Rodelgo, realizaron viaxes de estudo en grupo, tomando contacto coas novas correntes da pedagogía (Marco e Porto, 2000, pp. 124-129).

Co Plano de 1914, sabido é que moitos dos profesores e profesoras de escolas normais procedían da Escola de Estudios Superiores do Maxisterio. Se ben é verdade que só se esixía de entrada para o alumnado a preparación da escola primaria, a chegada deste profesorado novo supuxo unha auténtica renovación pedagóxica en canto a algunhas innovacións didácticas, entre as que se encontraban as conferencias e a creación de becas para alumnos e alumnas avantaxados e as bolsas de viaxe para aqueles que ao rematar a carreira con maior aproveitamento quixesen perfeccionar os seus coñecementos nos máis importantes centros pedagóxicos de España e do estranxeiro. Unha das primeiras profesoras procedentes da Escola Superior do Maxisterio, que chegou á Escola Normal de Mestras de Pontevedra, foi a redondelá Ernestina Otero Sestelo: Sufriría depuración coa chegada da guerra civil, con separación do servizo e baixa no escalafón. Máis tarde, en 1939 anulábase a separación definitiva, con traslado fóra da provincia. Comenzou de novo na Normal de Ourense, onde confraternizou co inspector Manuel Maceda López, formado con ela na Escola Superior do Maxisterio. Once anos máis tarde volvería á normal pontevedresa, se ben faleceu pouco despois, en 1956.

4. A FORMACIÓN CONTINUA: MESTRES, PROFESORES DE ESCOLA NORMAL E INSPECTORES VISITAN EUROPA, PENSIONADOS POLA JAE

No II Congreso Internacional sobre a JAE, celebrado en Madrid, nun traballo en colaboración (Porto Ucha e Iglesias Salvado, 2008), acercámonos ás pensións que disfrutaron, tanto o profesorado de Escolas Normais, como a inspección de primeira ensinanza e os mestres e mestras residentes en Galicia, con independencia da súa condición de galego ou non, no período que vai de 1907 a 1936. Deixamos fóra, por tanto, ao profesorado doutros niveis, entre eles aos de Instituto, como foi o caso do institucionista galego Johan Vicente Viqueira López, que tivo un contacto moi directo coa Psicoloxía europea. Aproveitando a estancia en Madrid (Residencia de Estudantes), voltei á consulta da documentación do Arquivo da Secretaría da JAE, cunha lectura centrada agora na Educación Especial (Porto Ucha, 2009, pp. 335-344).

Entre as poucas pensións concedidas a mestres, a primeira da que temos noticia foi a de Emilio Sotelo Rey mestre nacional de Bueu (Pontevedra). Formou parte dun grupo de mestres - pensionados en grupo, por R.O. de 1/6/1911- para facer unha excursión de tres meses a Francia e Bélxica, con obxecto de estudar a organización e funcionamento das escolas e colonias escolares. Entre outras institucións, en Bruxelas visitou o Instituto de anormais de Decroly, asistindo tamén ao Congreso Internacional de Paidoloxía. Na correspondencia que mantén con José Castillejo –Secretario da JAE- figura unha carta de 23 de febreiro de 1912, na que sinala un caderno de artigos publicados no xornal *Faro de Vigo* (no expediente inclúese algún recorte). Produto das súas experiencias na citada viaxe, publicaría pouco despois, co informe favorábel do Consello de Instrución Pública e un prólogo de Eduardo Vincenti, *Por la Europa Pedagógica* (1913).

No apartado de pensións en grupo, figura tamén Marcelino Pedreira Fernández. Na súa solicitude consta como mestre da Escola Nacional de Nenos da Coruña (dirección, Orzán, 19). Mediante R.O. de 11/9/1912, formou parte dun grupo de mestres que viaxou a Francia, Bélxica, Suíza e Norte de Italia. Coñeceu variadas experiencias e persoas, como algúns centros para anormais, a experiencia pestalozziana e a Alice Descoedres no Instituto J. J. Rousseau.

A cabalo entre o maxisterio e a inspección, poderíamos citar a María Barbeito Cerviño, inspectora-mestra e directora da Escola Nacional Graduada de Nenas Da Guarda (A Coruña), introdutora do método Montessori en Galicia. Por O. M. de 6/7/1934 foi becada para visitar Francia, Bélxica e Suíza, co fin de estudar pedagogía. En 1935, emprendeu un amplo percorrido patrocinado pola JAE polas escolas de Francia, Bélxica, Holanda, Suíza e Italia. Froito desta viaxe sería a serie de conferencias dirixidas aos mestres e mestras da súa zona de inspección, que aparecerían posteriormente recollidas na súa obra *Países y Escuelas* (1975).

Dos inspectores de orixe non galega, Juan Comas Camps, Inspector de primeira ensinanza en Lugo. Se ben solicitou pensións dende 1924, foi pensionado por RR.OO. de 7/8/1928, 24/1/1929 e 8/4/1929, para disfrutar dunha pensión de oito meses e vinte días en Suíza, no Instituto J. J. Rousseau. No seu amplo expediente consta que realizou cursos e traballos de laboratorio con Bovet, Piaget, Pittard, Baudoin, Dottrens e Meili. Entre as aportacións de Comas Camps, debemos destacar *La práctica de las pruebas mentales y de instrucción*, publicada coa súa muller, a galega Regina Lago (1933).

Tamén como inspector, consta José del Peso Sevillano, natural de La Campana (Sevilla). A primeira solicitude é de 1921. Estudara na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio. En 1923 acompañaba certificado de Luis Soto Menor, Inspector-Xefe de 1ª ensinanza de Lugo. Segundo R.O. de 21/9/1925, se lle concedeu pensión individual. Na súa viaxe por Europa, estivo en Suíza dende outubro de 1925 a marzo de 1926. Dedicouse preferentemente ao estudo da Psicoloxía Experimental e da Orientación Profesional. No seu expediente consérvase copia do *Questionnaire de Self-Analyse por l'Orientation professionnelle*. Traballou no Laboratorio da Universidade, baixo a dirección de M. Claparède, e nas escolas públicas, ensaiando tests (Simon e Binet). De acordo con M. Claparède e Lipmann, estudou a diferenciación entre o perfil psicolóxico dos nenos e as nenas comprendidos entre os 7 e os 14 anos.

Manuel Díaz Rozas, Inspector da Coruña. Pertencía á séptima promoción (1915-1918) da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio. En 1921, por R.O. de 24/1/1921 visitou cun grupo de inspectores, Francia, Bélxica e Suíza, para o coñecemento das institucións escolares. En 1930, concedéuselle unha pensión individual de catro meses: visitou Francia, Bélxica, Italia e Suíza, para o estudo da educación cívico-social. Segundo os datos aportados por Teresa Marín Eced (1988, pp. 682-690), non deixou de ter relacións asiduas coa Xunta durante este período. Marín Eced inclúe cinco follas das oitenta e cinco que enviou á JAE do seu “Diario de viaxe”, no que incluía “profesores, inspectores, instituciones docentes y temas pedagógicos europeos de esos años”.

Luciano Seoane Seoane, tamén Inspector da Coruña. Solicitara unha pensión en 1914 pero non lle fora concedida. En 1921 inclúe como méritos: “maestro nacional en la Graña y Ferrol, Inspector de Primera Enseñanza, autor de catorce monografías pedagógicas, distinguidas todas ellas con primeros premios, con accésit o menciones honoríficas en certámenes públicos efectuados en diversos lugares de la geografía española (Barcelona, Ferrol, Santiago, Valencia, Madrid, etc.), conferenciante y Medalla de Plata de la Mutualidad escolar”. Parece ser que en 1921 visitou Francia e Bélxica e a organización das escolas primarias, se ben non constan documentos acreditativos desta viaxe.

Hai un grupo de inspectores dos que existe menos información, algúns dos cales formaron parte do continxente de pensións concedidas en 1936. É o caso do inspector de primeira ensinanza Jacinto Ruiz Santiago que, se ben en 1934 figura como inspector de Málaga onde residía dende 1924, aparece nas pensións en grupo durante o curso 1924-25, probabelmente en Lugo, xunto con José del Peso Sevillano. Tamén Antonio Eiján Lorenzo, Inspector de Primeira Ensinanza que visitou Francia, Bélxica e Italia en 1913 para estudar cuestións relacionadas coa Inspección e a educación de anormais. O mesmo poderíamos afirmar de Aurora Maceda, inspectora de Ourense que viaxou en 1936 a Francia, xunto a Antonia Ortiz Curráís, tamén inspectora na mesma cidade (Costa Rico, p. 21), e as profesoras normais Julia Martínez Álamo e Sara Leirós. Acompañounas o inspector central Eusebio J. Lillo Rodelgo (Marco López e Porto Ucha, 2000, 117).

Con data 25 de xaneiro de 1936, Evaristo de Cuenca González, inspector de 1ª ensinanza da Coruña (domiciliado en Antonio Lens, 32-4º) dirixía ao presidente da JAE a solicitude dunha pensión por tres meses. Entre os seus méritos, sendo mestre da escola de Tardad (Vilalba, Lugo), incluía o espontáneo eloxio que mereceu de Luis Bello, na súa viaxe polas escolas de Galicia: “(...) Allí está un buen maestro: Evaristo de Cuenca, que tiene libros también, porque no faltan excepciones”

(Bello, 1973, p. 164). Quería estudar a organización da ensinanza, e especialmente a dos orfanatos. Descoñecemos o resultado da súa petición, se ben coa chegada do alzamento dos militares foi fortemente depurado.

Entre os profesores de escolas normais, figura Regina Lago García, esposa de Juan Comas Camps. Era profesora da Escola Normal de Mestras de Lugo. Foi pensionada por R.O de 22/10/1929, cunha beca de nove meses para “continuar y ampliar en el Instituto J. J. Rousseau de Ginebra (Suiza) los estudios de Psicología Experimental que inició en España con el Dr. Ziehen”. A súa pensión permanecía aínda o 1/10/1930. Na solicitude da súa prórroga hai informe favorábel da directora da Normal de Lugo, Carmen Pardo. No seu expediente hai varios certificados do Consulado General de España en Suíza. En 1936 substituiría a María de Maeztu como directora de la Residencia de Señoritas.

Julia Martínez Álamo, era mestra, e posteriormente estudou na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, na Sección de Ciencias (promoción 1923-24). En xuño de 1930 incorporouse á Normal santiaguesa, que non abandonaría ate a súa xubilación en 1970. Francia, Bélxica, Suíza, Holanda e Italia foron os países que visitou en abril de 1936.

5. A CHEGADA DA SEGUNDA REPÚBLICA

5.1. As innovacións na Escola republicana

Os dirixentes republicanos, se ben eran conscientes da debilidade política do réxime, confiaron na educación e na cultura como instrumento de consolidación. Nese sentido, seguiron as indicacións da tradición liberal, representada pola ILE, xunto cos plantexamentos de personalidades ligadas ao PSOE, como foi o caso de Luzuriaga. Así, a educación e a cultura convertéronse en elementos determinantes dos que ía depender a sorte da República. Como primeiro ministro de I.P., Marcelino Domingo, subsecretario, Domingo Barnés, e como Director xeral de I.P. Rodolfo Llopi, todos educados na ILE. A Segunda República non renunciou a utilizar a escola como instrumento para a transmisión de determinados valores políticos. Isto explica en boa maneira que fose situada máis tarde no punto de mira do franquismo para iniciar a represión contra a escola.

Á parte da continuación na zona republicana durante a guerra civil, lévase falado de 3 repúblicas na Segunda República, coincidindo cos dous primeiros bienios (azañista e bienio negro) e co goberno da fronte popular. Eu engadiría o primeiro momento dos gobernos provisionais (Porto Ucha, 2005, p. 295). Non hai que fixarse máis que nalgunhas das primeiras disposicións dos gobernos provisionais, orientadas cara á nova Constitución republicana: Decretos sobre bilingüismo catalán, creación das Misións Pedagóxicas, ensinanza da relixión, reorganización do Consello de Instrución Pública, creación dos Consellos de Protección Escolar, supresión das oposicións e organización de “cursillos” de selección profesional, condicións para o exercicio da docencia, condicións económicas do profesorado, publicación de libros para os diversos graos da ensinanza, creación da Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros, organización da ensinanza de Xordomudos, creación da Inspección profesional, e outros sobre réxime de coeducación, escolas preparatorias, internados, etc., xunto ao Plano Quinquenal, anunciando 27.151 escolas, foron recibidas con grande expectación

polo Maxisterio. Á parte, como xa dixemos, a continuación durante o período bélico, no que a escola foi un potente axente de socialización.

O modelo definitivo da escola foi recollido no art. 48 da Constitución de 1931: “cultura como atribución esencial do Estado”, “escola unificada”, “ensinanza primaria gratuíta e obrigatoria”, “liberdade de cátedra”, “carácter laico do ensino”, “traballo como eixe metodolóxico”, “solidariedade humana como piar básico”. As Igrexas podían seguir nos seus establecementos as respectivas doutrinas, “suxeitas á inspección do Estado”. Só o mérito e a capacidade de cada quen determinarían o acceso aos niveis superiores do ensino. E o art. 50 sinalaba que “as rexións autónomas poderán organizar a ensinanza nas súas linguas respectivas, de acordo coas facultades que se concedan nos seus Estatutos”.

Todo iso foi criticado pola dereita, á que, loxicamente, lle perigaban os seus privilexios. A maior preparación dos mestres e mestras (agora xa cun título universitario) permitíalles superar a tradicional situación de vasalaxe respecto ao caciquismo local. De aquí en diante xa podía enfrontarse ao alcalde, falar de igual co cirurxián, co avogado ou co cura da parroquia. Era esta unha conquista importante. Pero tivo tamén as conseguíntes repercusións coa chegada da depuración. Comezou así, xa dende os primeiros momentos a guerra escolar, co tema da prohibición das ordes relixiosas no campo do ensino. Coa Lei de Confesións e Congregacións de 1933, agravouse o problema. Converteuse nunha cuestión de Estado (España-Vaticano) e a correspondente reacción dos bispos. Neste contexto, aparece a Encíclica de Pío XI, “Dilectíssima nobis”. Como estratexia, a Igrexa seguiu o que cualificou de “autosubstitución”, de transferencia das escolas das ordes relixiosas a outros organismos católicos. Por outra parte, o trunfo da dereita en 1933 ralentizou o proceso de renovación. A educación non estaba entre as prioridades do bienio negro. O modelo ía ser agora o baseado na Encíclica de Pío XI, “Divini Illius Magistri”, de 1929. Intentouse recuperar o optimismo en 1936, coa chegada da fronte popular. Pero a chegada da guerra cortou con aquel ilusionante impulso de carácter reformista. O que veu despois sería, xa, outra cousa.

5.2. O Plano de Estudos Profesional

No Decreto de 29 de setembro de 1931, de reforma das Escolas Normais, figuran unhas páxinas sen desperdicio sobre o modelo escolar. Afirmaba Marcelino Domingo, o Ministro que o subscribía, que a Escola “será jardín y taller; convivencia de todas las clases sociales y todas las confesiones; principio de una selección que posibilitará el vuelo de la inteligencia a las cimas del saber y el poder”. Os mestres e mestras convertíanse en artífices desta nova Escola. Nese sentido, engadía o Decreto: “urgía crear escuelas, pero urgía más crear Maestros; urgía dotar a las Escuelas de medios para que cumplieran la función social que les estaba encomendada, pero urgía más capacitar al Maestro para convertirlo en sacerdote de esta función, urgía elevar la jerarquía de la Escuela, pero urgía igualmente dar al Maestro de la nueva sociedad democrática la jerarquía que merece y merecerá haciéndole merecedor de ella”.

Había, pois, aspectos que superar, como o referido á formación do profesorado, con tensións que xa viñan das célebres oposicións de 1928, repetidamente impugnadas. De aí a reforma dos Planos de Estudo (paso do Plano de 1914, de carácter cultural, ao Profesional de 1931, de carácter

profesional) e o sistema de acceso ao corpo do Maxisterio Nacional, mediante acceso directo. O Decreto de 29/9/1931 introducía o novo Plano de Estudos: esixencia do título de Bacharelato para ingreso-oposición, tres anos de duración, coeducación, materias didáctico-pedagóxicas, prácticas como alumnos-mestres, exame de conxunto e acceso directo no escalafón. Un soldo de entrada de 4.000 pesetas, fronte ás 3.000 do Plano anterior de 1914. Os do Plano de 1914 (e os do chamado Plano Cultural) quedaron regulados no acceso ao maxisterio, mediante os “cursillos de selección”, por un Decreto de 3/7/1931. O denominado “Plano Profesional” presentaba importantes innovacións, fronte ao anterior de 1914 (Cadro 1).

CADRO 1

PLANO DE ESTUDOS DE 1931

Primeiro curso

Elementos de Filosofía
 Psicoloxía
 Metodoloxía das Matemáticas
 Metodoloxía da Lingua e da Literaturas españolas
 Metodoloxía das Ciencias Naturais e da Agricultura
 Música
 Debuxo
 Traballos manuais ou Labores
 Ampliación facultativa de idiomas

Segundo curso

Fisioloxía e Hixiene
 Pedagogía
 Metodoloxía da Xeografía
 Metodoloxía da Historia
 Metodoloxía da Física e a Química
 Música
 Debuxo
 Traballos manuais ou Labores
 Ampliación facultativa de idiomas

Terceiro curso

Paidoloxía
 Historia da Pedagogía
 Organización Escolar
 Cuestións económicas e sociais
 Traballos de Seminarios
 Traballos de especialización (párvulos, retrasados, superdotados, etc.)

5.3. As innovacións en Educación Especial

Cando de verdade observamos a presenza da educación especial na formación inicial dos mestres é no Plano Profesional da Segunda República, no que desembocan, claro está, as experiencias vividas polos nosos profesionais, nas súas viaxes por Europa. O Preámbulo do Decreto polo que se reformaban as Escolas Normais (Decreto de 29/9/1931) é un verdadeiro canto á formación do Mestre como axente imprescindible da reforma da escola e do cambio social. Serviu de coartada logo polo Franquismo para demonizalos, coa conseguinte depuración.

M^a del Mar del Pozo e Antonio Molero (1992) apuntan que probabelmente unha das institucións republicanas que acolleron con máis definición a ensinanza de anormais foron as Escolas Normais. O Plano Profesional incluía como materias a “Psicoloxía” (1º), a “Paidoloxía”, os “Traballos de seminario” e os “Traballos de especialización” (3º). Indicábase no art. 9º do Decreto de creación que as escolas normais organizarían ensinanzas especiais de párvulos, retrasados e superdotados, que eran os traballos de especialización de 3º curso. O Regulamento publicado en 1933 respectou estes obxectivos: “Las Escuelas Normales organizarán enseñanzas especiales de párvulos, sordomudos, ciegos y superdotados” (art. 20). Así, pois, a ensinanza de anormais ou a educación de superdotados foron puntos significativos.

O Plano Profesional de 1931 incorporou os métodos activos da Pedagogía moderna, tan reclamados, tanto polos institucionistas como polas asociacións de mestres nas súas asembleas. Incluíanse, así, metodoloxías operativas como os referidos traballos de seminario e especialización dirixidos á formación profesional do maxisterio, fronte ás rutinas, o memorismo e a acumulación de saberes. Leváronse a cabo cursos e xornadas pedagóxicas, coa colaboración entre a inspección, as escolas normais e os mestres e mestras en exercicio. Nos “Cursillos de perfeccionamiento del Magisterio” autorizábase aos mestres mestras para ausentarse das escolas, deixando suplente.

En busca dunha maior concreción entre a teoría e a práctica, consérvase, entre a documentación que manexamos da antiga Escola Normal do Maxisterio Primario de Santiago de Compostela, unha copia dun traballo de seminario, da alumna-mestra do Plano Profesional Josefina Ramón Ballesteros. Titúlase “Estudio del anormal [vén a continuación o nome concreto do alumno]”, co historial do neno, o desenvolvemento físico, mental, o ambiente social e familiar, o carácter e conduta social, con datos numéricos da idade mental e o cociente intelectual segundo Binet e Simon, e a clasificación, segundo Kretschmer, Yung e Decroly, de alto interese para realizar un cadro comparativo dos parámetros utilizados, dende a óptica actual².

Entre as actividades do Seminario de Estudos Galegos (creado en 1923), cabe destacar en 1935 un curso en Pontevedra, ao que asistieron 110 cursillistas, entre inspectores, mestres, alumnado de Escolas Normais e de outros centros. No programa, que consta de cinco grandes partes,

² O meu agradecemento aos profesores Antonio González Fernández, excompañeiro (1984-1988) no Equipo Psicopedagóxico de Apoio de Pontevedra, e orientador do IES “Valle Inclán” de Pontevedra, e a Mery Muñoz Cadavid, compañeira e profesora titular do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC, experta en Educación Especial, ambos os dous entrañábeis amigos, pola lectura e observacións ao referido traballo de Seminario.

figuraba en terceiro lugar, a escola en Galicia, con intervencións de Díaz Rozas, Iglesias Vilarelle, Borrás, Álvarez Limeses, Núñez Búa e Torres (Marco López e Porto Ucha, 2000, p. 140). Durante a Segunda República e baixo a dirección do mestre Antonio Iglesias Vilarelle como Xefe da Sección de Psicología, poderíamos citar aos alumnos-mestres da Escola Normal do Maxisterio Primario de Pontevedra que se estaban a formar polo Plano Profesional. Entre eles, Filgueira González, Fontenla Méndez, Isla Couto, Valenzuela Otero, Pereira Doval e outros (Longa, Míguez, etc.), como parte do equipo que aplicou os primeiros tests nas escolas da comarca Terra do Deza. Nun estudo de conxunto do Seminario (1934, p. 70), hai información sobre o “Laboratorio de Psicotecnia”. Funcionaba en relación coa Sección de Pedagogía. A Sección fora creada en 1934. Estivo dirixida por Manuel Díaz Rozas. Traballaba na obtención de probas psicotécnicas nas escolas, a fin de establecer baremos propios. Os tests aplicados nas primeiras campañas foron o colectivo de cen preguntas de Ballard, o do debuxo de Goodenough, o de comprensión de Gali ou o de rapidez de cálculo de Claparède. Estaba en estudo, así mesmo, un test de escritura, adecuado a nosas características (Porto Ucha, 2003, pp. 153-157).

Todo isto veuse abaixo coa represión franquista. Dos que non se exiliaron ou puideron continuar bastante despois da insurrección militar, poderíamos referirnos, a partir de 1946, a Filgueira González, xunto ao pontevedrés Cándido Lozano Zuza e o mesmo Vilarelle, na “Casa Tutelar de Menores Avelino Montero”, responsabilizándose do Gabinete Psicotécnico do Tribunal Tutelar de Menores de Pontevedra (Porto Ucha, 2003, pp. 188-189). Cándido Lozano Zuza, pertencente á cuarta promoción do Plano Profesional (alumnos que remataron a carreira no curso 1939-40), trasladárase posteriormente a Venezuela, onde cursou estudos na Universidade “Andrés Bello” (UCAB), para a obtención en 1961 da licenciatura. Traballou principalmente na proba de *Psicodiagnóstico de Rorschach*, con distintas publicacións.

CONCLUSIÓNS

Dende a lonxana Lei Moyano de 1857, na que, dentro da mentalidade de exclusión da época, cunha visión negativa mesmo na linguaxe utilizada, se iniciaba timidamente a presenza da educación especial na formación dos mestres e mestras, máis ben na formación do profesorado das escolas normais, pasou un longo tempo. Á parte dalgúns centros especiais, da estratexia das “conferencias pedagóxicas” ou “conversacións pedagóxicas” encomendadas á inspección a finais do século XIX, constátase que a educación especial seguiu a ser a grande ausente no currículo.

Despois da desaparición da Escola Normal Central, coa creación da Escola Superior do Maxisterio en 1909, deuse un paso importante. Este Centro recollía as principais innovacións introducidas na formación do profesorado, entre elas ás referidas á educación especial. Xunto coas materias contempladas nos planos de estudo, a cátedra e o laboratorio, comezouse a traballar na revisión e adaptación de tests coñecidos. Deuse tamén un importante labor divulgador e publicístico.

Pero no Plano de Estudos de 1914, a educación especial seguía a brillar pola súa ausencia na formación inicial do Maxisterio. Para cubrir a lagoa, os contactos con Europa favoreceron o proceso, a través da formación continua: Mestres (lamentablemente, non moitos), profesores de

escola normal e inspectores visitaron Europa, pensionados pola JAE. Galicia veuse favorecida por ese proceso.

Cando de verdade observamos a presenza da educación especial na formación inicial dos mestres foi no Plano Profesional da Segunda República, no que desembocaron, claro está, as experiencias vividas polos nosos profesionais, nas súas viaxes por Europa. Nos traballos prácticos aos que tivemos acceso (traballos de seminario e especialización), a orientación continuaba a ser, non obstante, de clasificación, con etiquetas diagnósticas, a partir do enfoque diferencial e médico da época.

Todo isto se veu abaixo coa guerra civil e a inmediata represión franquista. A preocupación na posguerra estivo centrada na asistencia social, nas “Casas “Tutelares”, “Orfanatos”, etc., nos que ingresaban, con frecuencia, os fillos dos vencidos. Como fitos legais na educación especial e unha escola para todos, habería que esperar moitos anos, á Lei Xeral de Educación de 1970, á Constitución de 1978, Lei de Integración Social dos Minusválidos, etc. Superada á marxinação e segregación no medio social, pasaríase primeiro á integración e logo a inclusión (Fierro Bardají, 2009, pp. 15-29). Pero iso será obxecto de estudo noutros traballos específicos deste número de *Innovación Educativa*, dedicado a esta temática.

FONTES DOCUMENTAIS

Arquivo da Secretaría da JAE e IC (1907-1939):

— *Inventario general*. Madrid: Residencia de Estudiantes.

— JAE: *Memorias...* (1907-1936).

BARBEITO CERVIÑO, M. (1975). *Países y Escuelas*. A Coruña: Moret.

BELLO, L. (1973). *Viaje por los escuelas de Galicia*. Madrid: Akal. (Prólogo de Gonzalo Anaya).

COMAS CAMPS, J. e LAGO GARCÍA, R. (1933). *La práctica de las pruebas mentales y de instrucción*. Madrid: Publicaciones de la Revista de Pedagogía.

MARÍN ECED, T. (1988). *Los pensionados en educación por la J.A.E. y su influencia en la pedagogía española*. Madrid: Edición de la Universidad Complutense de Madrid, Colección Tesis Doctorales, T. II.

Seminario de Estudos Galegos (1934). *Dez Cursos de Traballo 1923-1934*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

SOTELO REY, E. (1913). *Por la Europa pedagógica*. La Coruña: Zincke Hermanos. (Prólogo del Excmo. Sr. D. Eduardo Vincenti, Ex Director general de Instrucción Pública).

BIBLIOGRAFÍA

COSTA RICO, A. (1996). *A reforma da educación (1906-1936)*. Sada – A Coruña: Edicións do Castro.

DE GABRIEL, N. (1993). Historia de la profesión docente en España. En Nóvoa, A. e Ruíz Berrio, J. (Eds.). *A História da Educação em Espanha e Portugal. Investigações e actividades*. Lisboa: Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação, 137-156.

- DE GUZMÁN, M. (1986).** *Vida y muerte de las Escuelas Normales*. Barcelona: PPU.
- FIERRO BARDAJÍ, A. (2009).** Jalones hacia una educación inclusiva: historia y memoria. En Berruero Albéniz, R.: *El largo camino hacia una educación inclusiva. Aportaciones desde la Historia de la Educación*. Navarra: UPNA, Vol. III, 15-29.
- MARCO LÓPEZ, A. e PORTO UCHA, A. S. (2000).** *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- MELCÓN BELTRÁN, J. (1992).** *La formación del profesorado en España (1837-1914)*. Madrid: MEC.
- MOLERO PINTADO, A. e POZO ANDRÉS, M. DEL M. (Edit.) (1989).** *Un precedente histórico en la Formación Universitaria del Profesorado Español. Escuela de Estudios Superiores del Magisterio (1909-1932)*. Madrid: Departamento de Educación de la Universidad de Alcalá de Henares.
- PORTO UCHA, A. S. (1994).** *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- PORTO UCHA, A. S. (2003).** *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas: Alén Miño.
- PORTO UCHA, A. S. (2005).** *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada - A Coruña: Edición do Castro.
- PORTO UCHA, A. S. (2009).** La Educación Especial en la formación de los maestros y maestras en el primer tercio del siglo XX. Algunos datos referidos a Galicia. En *XV Coloquio de Historia de la Educación*. Navarra: Universidad Pública de Navarra/SEDHE, T. I, 335-344.
- PORTO UCHA, A. S. e IGLESIAS SALVADO, J. L. (2008).** A formación do maxisterio en Galicia. Perspectiva histórica, *Revista Galega do Ensino*, 54, 66-71.
- PORTO UCHA, A. S. e IGLESIAS SALVADO, J. L. (2010).** La JAE y la formación del magisterio gallego: Profesores de Escuelas Normales, Inspectores y Maestros becados (1907-1936). En *II Congreso Internacional La Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas en su Centenario*. Madrid: Residencia de Estudiantes / MEC / Ministerio de Cultura t. II.
- POZO ANDRÉS, M. DEL M. e MOLERO PINTADO, A. (1992).** La Escuela de Estudios Superiores del Magisterio: Su contribución al estudio de la Educación Especial en España. En Molina García, S. (Coord.). *La educación de los niños deficientes mentales en España. Análisis histórico a través de un hilo conductor*. Madrid: CEPE, 37-71.
- VARELA, J. e ORTEGA, F. (1984).** *El aprendizaje de maestro*. Madrid: MEC.